

**MOCIÓN DE URXENCIA DOS GRUPOS MUNICIPAIS POPULAR,
COMPOSTELA ABERTA E BNG SOBRE A DETERMINACIÓN DA FORMA DE
XESTIÓN DO SERVIZO RELATIVO AO CICLO INTEGRAL DA AUGA**

Os grupos municipais do Partido Popular, de Compostela Aberta e do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do disposto no Regulamento Orgánico Municipal, presentan a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pleno da Corporación ten expresado en diversas ocasións -con inclinacións e convencementos de intensidades e orientacións diversas- a súa vontade de determinar a mellor forma de xestión do servizo relativo ao ciclo integral da auga.

Nese sentido, o artigo 123 da Lei de Bases de Réxime Local sinala claramente que lle corresponde ao Pleno "a determinación das formas de xestión dos servizos". Así, só no caso de que a forma de xestión escollida fose a indirecta a competencia -para a aprobación dos expedientes de contratación, dos procedementos de adjudicación e a súa resolución- corresponderíalle a Xunta de Goberno Local.

O certo é que a preferencia escollida no seu día polo Concello, en favor dunha xestión indirecta, non pode entenderse petrificada ou amparada por unha cláusula de intanxibilidade. Vencido o actual contrato, o Pleno ten todo o dereito de determinar novamente cal é a mellor forma de xestión. Só no caso de que se conclúise que a mellor forma de xestión é a indirecta, a Xunta de Goberno Local podería desenvolver as súas propias competencias.

Malia que o Pleno ten expresado e reiterado este mesmo luns a súa vontade de determinar a mellor forma de xestión, a Xunta de Goberno segue dando pasos na tramitación dun expediente de licitación cuxa oportunidade o Pleno quere valorar previamente.

Por todo o anterior, e ao amparo do artigo 85 do Regulamento Orgánico Municipal, os grupos municipais do Partido Popular, de Compostela Aberta e do Bloque Nacionalista Galego, presentan a seguinte proposta de

ACORDO

Primeiro.- Expresar a vontade de que o Pleno determine a forma de xestión do servizo relativo ao ciclo integral da auga.

Segundo- Instar aos correspondentes órganos do Concello a respectar tal vontade e a convocar coa maior urxencia -a fin de non prolongar a orde de continuidade do actual servizo- a correspondente comisión na que se lle ofrezca a unha representación proporcional do Pleno o apoio e o asesoramento técnico a fin de estudar, valorar e propor a mellor forma de xestión.

Terceiro.- Instar á Xunta de Goberno Local a non aprobar o procedemento de licitación de tal servizo ata que, coa maior urxencia posible, o Pleno determine a forma de xestión.


Santiago de Compostela, a 26 de xaneiro de 2022



Alejandro S. Brunete Varela
Voceiro do GM Popular



Marta Lois González
Voceira do GM de CA



Goretti Sanmartín Rei
Voceira do GM do BNG